



**ÓRGANO COLEXIADO: Pleno Corporativo.**

**Nº DE SESIÓN: 1/2018**

**CARÁCTER: Ordinaria**

### **ANUNCIO**

Con data 22 de xaneiro de 2018, o Sr.Alcalde ditou resolución co tenor literal que se indica:

#### **RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.- CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO**

Resolución da Presidencia do órgano colexiado mais arriba mencionado, pola que se convoca sesión de carácter ordinaria.

De acordo co disposto no artigo 46.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e o art. 80 do Real Decreto Lexislativo 2568/1986, de 23 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Funcionamento, Organización e Réxime xurídico das Entidades Locais, esta alcaldía, **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Convocar á Sesión Ordinaria do Pleno Corporativo a celebrar o **día 25 de xaneiro ás 20:00 horas**, e dous días despois á mesma hora en segunda convocatoria en caso de non existir o quórum esixido na primeira, no Salón de Sesións da Casa do Concello, a fin de resolver os puntos incluídos na seguinte:

#### **ORDE DO DÍA**

##### **A) Parte resolutiva:**

1º.- Aprobación, se procede, de borrador da acta da sesión anterior ordinaria nº 14, de 28 de decembro de 2017.

2º.- Toma de razón de escrito de renuncia de concelleiro José Rodríguez Romero (RE 11821 de 29/12/2017), e que se remita á Xunta Electoral Central para a remisión da credencial do correspondente concelleiro electo de lista que corresponda (José Prada Alvarez ).

3º.- Expediente 2853/2017. Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de recoñecemento da bonificación do imposto de construcións, instalacións e obras a Couceiro Babarro, C.B., por cambio de cuberta no inmovible sito na Praza do Concello, 4.

4º.- Expediente 2886/2017. Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de denegación bonificación do imposto de construcións, instalacións e obras a Dona Teresa Guerao Alonso correspondente ás obras de mellora e mantemento de inmovible sito na rúa Rosa Bahamonde, 12-2º B.

5º.- Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal de supresión de

---

**Concello de Tui**

Praza do Concello, 1, Tui. 36700 (Pontevedra). Tfno. 986603625. Fax: 986600570



dedicación parcial.

6º.- Ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal en relación coa moción do PSdG-PSOE sobre adhesión ao Convenio tipo da Xunta de Galicia para convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de Policía Local e as prazas de auxiliares de Policía Local.

7º.- Expediente 91/2018. Ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Contratación e Servizos Municipais relativo a reactivación da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil Local.

8º.- Proposta de Alcaldía de adxudicación na contratación, por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración, do Servizo de Limpeza Viaria do Concello de Tui. Contrato suxeito a regulación harmonizada.

9º.- Mocións de Urgencia.

#### **B).- Actividade de control:**

10º.- Disposicións de interese.

11º.- Dación de conta das resolucións de Alcaldía dende nº 2017-1621 de 22/12/2017 ata o nº 2018-0053 de 19/01/2018.

#### **C).- Rogos e preguntas:**

12º.- Rogos e preguntas.

**SEGUNDO.**-Notificar a presente Resolución aos concelleiros advertíndolles que, conforme ao disposto polo artigo 12.1 do citado RD 2568/1986, do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

**TERCEIRO.**-Que pola Secretaría municipal se poña a disposición dos Concelleiros a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando a convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, no seu caso.

O que se publica para os efectos oportunos.

Tui, o alcalde, Carlos Vázquez Padín.

---

**Concello de Tui**

Praza do Concello, 1, Tui. 36700 (Pontevedra). Tfno. 986603625. Fax: 986600570



Documento asinado dixitalmente á marxe.